F/2024/307	02/10/2024	24 79	01/10/2024	2024 342 2269901	45,65 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 79, POLA ADQUISICIÓN 3 TROFEOS, CELEBRACIÓN DO TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP FEMININO SUB 12 (31/05-02/06)
F/2024/308	02/10/2024	24 80	01/10/2024	2024 342 2269901	538,45 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 80, POLA ADQUISICIÓN DE 58 TROFEOS PARA A XL TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAGARCIA, ANO 2024.
F/2024/309	02/10/2024	24 81	01/10/2024	2024 342 2269901	1.002,50 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 81, POLA ADQUISICIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA XX CARREIRA NOCTURNA DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2024
F/2024/310	02/10/2024	24 82	01/10/2024	2024 342 2269901	40,00 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 82, POLA ADQUISICIÓN DUN TROFEO PARA SAN ROQUE AROSA SC-RC CELTA FORTUNA, CELEBRADADO O DÍA 17/08/2024
F/2024/312	03/10/2024	Emit- 240116	23/09/2024	2024 342 2279901	2.300,00 €	G36205698	CLUB DE REMO VILAXOAN	FRA. Emit- 240116, POLA REALIZACIÓN DA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE NAVEGACIÓN, MODALIDADE REMO, ANO 2024.
F/2024/323	08/10/2024	47705798	08/10/2024	2024 342 22400	171,41 €	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	FRA. 47705798, POLA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA Nº 51412686 DE SEGUROS DE ACCIDENTES EDM NAVEGACIÓN, REMO, 01/07-22/08/2024.
F/2024/325	09/10/2024	Emit- 488	09/10/2024	2024 342 22609	18.134,73 €	B27266113	MULTISPORTSG ALICIA, S.L	FRA. Emit- 488, POLO CONTROL E ADQUIS CAMISETA XIII TRIATLON CONCELLO VILAGARCÍA, CAMP GALEGO EQUIPOS CONTRARELOXO, 2024
F/2024/333	14/10/2024	24001914 0	11/10/2024	2024 342 62600	1.238,53 €	B36296440	SERVICIOS TECNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L	FRA. 24001914 0, POLA ADQUISICIÓN DUNORDENADOR DE MESA PARA A OFICINA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, ANO 2024
F/2024/342	25/10/2024	48135850	16/10/2024	2024 342 22400	761,69 €	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	FRA. 48135850 POLA PÓLIZA Nº 51415978, SEGURO ACCIDENTES 150 PARTICIPANTES ESCOLAS DEPORTIVAS MUN., DO 16/10/24-31/05/25
F/2024/343	25/10/2024	48135849	16/10/2024	Multipli- cación	4.514,88 €	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	FRA. 48135849 POLA PÓLIZA Nº 51415982 DE SEGURO ACCIDENTES, ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS ADULTOS, DO 16/10/24-20/06/25.
F/2024/345	25/10/2024	Emit- 255	25/10/2024	2024 342 22609	610,00 €	B32124182	AMBULANCIAS BANDE, S.L	FRA. Emit- 255 SERVIZO AMBULANCIA, CELEBRACIÓN DA XII MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPAC INTEL
F/2024/348	28/10/2024	. 30	28/10/2024	2024 342 22609	2.400,00 €	B94072964	GLOBAL DXT, SL	FRA. Nº. 30, POLA ORGANIZACIÓN DA PROBA EPIC RACE PONTEVEDRA (PROBA CICUISMO DE MONTAÑA), ANO 2024.
F/2024/351	29/10/2024	24 86	25/10/2024	2024 342 2269901	63,80 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 86, POLA ADQUISICIÓN DE 2 TROFEOS, CELEBR. LVI REGATA SAN ROQUE DE CLASE SNIPE - XII TROFEO RAMIRO CARREGAL REY
F/2024/352	29/10/2024	24 87	25/10/2024	2024 342 2269901	220,00 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 87, POLA ADQUIS. DE 4 TROFEOS, CELEBRACIÓN DO XXI TORNEO TENIS VERÁN 2024 (17/07/24 - 25/08/24).
F/2024/353	29/10/2024	24 88	25/10/2024	2024 342 2269901	42,00 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 88, POLA ADQUIS. DE 2 TROFEOS, CELEBRACIÓN DO II MEMORIAL TINÍN ORGANIZADO POLO SAN MARTÍN C.F. O 24/08/2024
F/2024/354	29/10/2024	24 89	25/10/2024	2024 342 2269901	394,00 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	FRA. 24 89, POLA ADQUIS. DE 37 TROFEOS, NA COORGANIZACIÓN XXX MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO DE XADREZ, ANO 2024.
TOTAL					48.665,02 €			

Relación de facturas de enerxía eléctrica F/2024/26:



Verificación en: <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/AMN4MXGHDF1B7W8>

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Aplic.	Importe Total	C.I.F. Terceiro	Nome	Texto Explicativo
A/2024/3	17/08/2024	PA24142000021040	16/08/2024	2024 342 22100	-1,46 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	Rect. PI24142000178349 / ENERXÍA ACTIVA P2 / ENERXÍA ACTIVA P3 / ENERXÍA ACTIVA P4 / ENERXÍA ACTIVA P5 / ENERXÍA ACTIVA
F/2024/329	11/10/2024	PI24142000359634	10/10/2024	2024 342 22100	886,16 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA. PI24142000359634, POLO SUBMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA PELADA, PERIODO 01-30/09/2024.
F/2024/330	11/10/2024	PI24142000359630	10/10/2024	2024 342 22100	64,80 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA. PI24142000359630, POLO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA DAS OFICINAS DO EM A LOMBA, PERIODO DO 28/08-06/09/2024.
F/2024/340	18/10/2024	PI24142000365940	13/10/2024	2024 342 22100	8.658,55 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA. PI24142000365940, POLO SUBMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ENTRE 31/08-30/09/2024
TOTAL					9.608,05 €			

- Relación de facturas da empresa Troquiña, S.L.. F/2024/27:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Aplic.	Importe Total	C.I.F. Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2024/317	07/10/2024	A 24311	30/09/2024	2024 342 2279902	3.570,00 €	B36268217	TROQUIÑA, S.L.	FRA. A 24311, POLO SERVIZO DE MANTEMENTO VEXETAL DALGUNHAS IDM DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, MES DE SETEMBRO 24
F/2024/318	07/10/2024	A 24322	30/09/2024	2024 342 2279902	890,00 €	B36268217	TROQUIÑA, S.L.	FRA. A 24322, POLAS 5 SEGAS EXTRAORDINARIAS REALIZADAS A MAIORES NO TERREO DE XOGO DO ESTADIO DE A LOMBA, MES SETEMBRO.
F/2024/327	10/10/2024	A 24074	31/03/2024	2024 342 2279902	3.570,00 €	B36268217	TROQUIÑA, S.L.	FRA. A 24074, POLOS TRABALLOS DE MANTEMENTO VEXETAL DALGUNHAS IDM DEPENDIENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, MES DE MARZO.
TOTAL					8.030,00 €			

D.- Outros:

- **1º.- Resolución con data 16/10/2024** “1.- Aprobar 137 solicitudes de inscrición nas Escolas Deportivas Municipais, 2024/25, presentadas ata o 08/10/2024, incluídas no proxecto de Escolas Deportivas Municipais 2024/25 aprobado polo Consello Reitor con data 12/09/2024, co seguinte desglose:

ESCOLA MUNICIPAL

Nº

ALUMNOS/AS

ESCOLA MUNICIPAL DE PSICOMOTRICIDADE	11
ESCOLA MUNICIPAL DE MULTIDEPORTE	19
ESCOLA MUNICIPAL DEPORTIVA DE BASE	52

(Elección dunha ou dúas modalidades deportivas)

- Atletismo	
15	
- Baloncesto	19
- Padel	32
- Patinaxe	
19	
- Ximnasia Rítmica	
8	

2.- Indicar que no relativo as 71 solicitudes inscrición na Escola Deportiva de Base: Modalidade de Pádel só se poden aprobar 32 das solicitudes, as 39 restantes quedarían fóra da escola dado que se cubriron todas as prazas ofertadas. Polo que se



lles dá a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar as actividades sinaladas anteriormente, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica) ou de forma presencial nas oficinas da Fundación de Deportes, en horario de luns a venres, de 9:00-13:00 horas, facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

3.- Aprobar as 8 solicitudes de inscrición na Escola Deportiva de Base: Modalidade de Ximnasia Rítmica, aínda que non chega o mínimo de inscricións por grupo, tal e como indica o Proxecto, dado que se trata dun deporte minoritario en auxe no noso Concello e que só lle faltaría dúas inscricións para chegar aos 10 participantes.

4.- Aprobar a apertura dun prazo extraordinario dende o 21 ao 31 de outubro do presente ano, ata cubrir as prazas ofertadas, nas Escolas Deportivas Municipais de Psicomotricidade, Multideporte e Deportiva de Base nas modalidades de Atletismo, Baloncesto, Patinaxe e Ximnasia Rítmica.”

- **2º.- Resolución con data 16/10/2024** -“ 1.- Aprobación as 620 solicitudes de inscrición para o 1º Curso das Actividades Físico Deportivas para Adultos,(outubro, novembro e decembro) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, curso 2024/25, presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30007, co seguinte desglose:

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS
PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:	
- XIMNASIA FUNCIONAL	254
PROGRAMA VILAGARCIA EN FORMA:	
- XIMNASIA DE MANTEMENTO	103
- XIMNASIA ACUÁTICA	43
- PILATES	273
- IOGA	109
- AEROBIC	42
- ESTIRAMENTOS E RELAXACIÓN	139

2.- Non aprobar as solicitudes de inscrición na actividade de Ximnasia Acuática (grupo 2), por non alcanzar un número mínimo de participantes, dacordo co Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, curso 2024/25, aprobado polo Consello Reitor con data 12/09/2024. Polo que se lles dá a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar as actividades sinaladas anteriormente, a través da Sede



Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica) ou de forma presencial nas oficinas da Fundación de Deportes, en horario de luns a venres, de 9:00-13:00 horas, facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

Así como as actividades nas que o número de inscritos/as supera o máximo de prazas ofertadas conforme proxecto, non sendo viable asumir máis participantes, darás a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado, tal como esta indicado no punto anterior.

3.- Así como, abrir un prazo extraordinario do 21 ao 31 de outubro do presente ano, ata cubrir as prazas ofertadas, dado que non se cubriron a totalidade das mesmas.”

Mes de Novembro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª.- Resolución con data 07/11/2024.”** 1.- Autorización á Fundación Galega contra o Narcotráfico o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol e Baloncesto), o vindeiro día 10 do presente mes, de 09:30-14:00 horas. O que xenerará parte da súa franxa horaria ao estar fora de apertura da instalación, a realización duna hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 342-151/13001. Dado o carácter social da actividade, apróbase non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor:

INSTALACIÓN DEPORTIVA

- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Estadio de Atletismo
- Pavillón nº 1 e 2 coa súa Megafonía

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión da rede de volei e os seus postes da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Indicar que se dou tralado ao Departamento de Comunicación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa para a colaboración coa elaboración de diplomas, pero por acumulo de traballo non e posible acceder a súa solicitude.



5.- Conceder 4 trofeos para os campións en cada unha das modalidades, un dos trofeos e da remesa que dispón a Fundación de Deportes, e para os outros tres solicitouse presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 45,40 €.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.”

- **2ª.- Resolución con data 22/11/2024.”** 1.- Autorización a Dña. Miriam Herrera Arevalo en representación da ANPA do CEIP ROSALÍA DE CASTRO, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración dunha Festa lúdico-recreativa “FESTA DE NADAL” para todo o alumnado do devandito centro, o vindeiro día 20 do presente ano, de 16:00-21:00 horas.

Indicarlle que, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nºIII.5 en vigor.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Trasladar ao Servizo do Auditorio do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a súa solicitude de colaboración coa cesión dun equipo de son, para a súa aprobación se procede.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación.



Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª.-Resolución con data 06/11/2024.”** 1.- Aprobación da organización conxunta entre a Fundación de Deportes o Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa da MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CAMPIONATO GALEGO 2024 que se vai a celebrar o vindeiro día 24 de novembro do presente ano.

2.- Aprobación dos gastos derivados da citada organización con cargo o orzamento da Fundación de Deportes por importe total **1.010,13 €** (IVE incluído), co desglose que se indica a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
Canon Federación Galega de Atletismo:	300,00 €
Control xuices FGA:	650,00 €
Gastos tramitación autorización Xunta de Galicia:	60,13 €

3.- Remitir os gastos derivados da citada organización con cargo ao orzamento do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de **12.647,82 €** (IVE incluído) co desglose que a continuación se relaciona, a Xunta de Goberno local para a súa aprobación se procede:

CONCEPTO	IMPORTE
Organización e dirección de carreira:	4.257,42 €
Seguro accidentes atletas no federados (licenza de día):	640,00 €
Camistas agasallo aos participantes:	2.362,50 €
Avituallamentos:	800,00 €
Aluguer de 200 valados:	1.282,60 €
Seguro accidentes para os voluntarios:	65,00 €
Servizo de ambulancia:	1.850,00 €



Trofeos:	540,30 €
Speaker:	250,00€
Premios en metálico:	600,00 €”

- **2ª.-Resolución con data 14/11/2024.”** 1.- Adxudicación á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a aprobación da da limpeza da segunda planta da antiga biblioteca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, dous días a semana dende novembro de 2024 a xuño de 2025,dado que se están a levar a cabo actividades ofertadas no Proxecto de Actividades Físico Deportivas de Adultos, tempada 2024/25, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.236,000 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-227,00, co seguinte desglose.

CONCEPTO	ANO 2024	ANO 2025
----------	----------	----------

Limpeza extraordinaria

Antiga biblioteca	309,00€	927,00€”
-------------------	---------	----------

- **3ª.-Resolución con data 20/11/2024.”** 1.- Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 3 trofeos que se entregaron aos participantes noTORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA, que se levou a levar a cabo o pasado día 10 do presente mes, a través dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 45,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-226,9901”.

- **4ª.-Resolución con data 22/11/2024.** “1.- Adxudicación ás empresas/Entidades que a continuación se relacionan, os gastos pola celebración da MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, que se vai a celebrar o vindeiro día 24 de novembro do presente ano CAMPIONATO GALEGO 2024, aprobado o gasto do que se fará cargo a Fundación de Deportes pola Resolución do Sr. presidente con data 06/11/2024 conforme acordo da Xunnta de Goberno Local en sesión con data 04/11/2024, por importe total de 1.040,13 €, con cargo á partida 342-226,09 e, co seguinte desglose:

PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE
FEDER.GALEGA DE ATLETISMO	Cánon/Control de xuices	950,00 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia	60,13 .-
	(Procedemento AF500A)	_____
	Total	1.010,13€

Faise constar que o pagamento da taxa de Portos de Galicia foi efectuado por D. Juan Miguel Doval Blanco Director Deportivo da Fundación de Deportes.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de



Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE...”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª.-Resolución con data 04/11/2024** -“ 1.- Aprobación da devolución a favor de Dña. Margarita Romero García, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 5,00 €, con cargo á partida 343,00.
2.- Aprobación da devolución a favor de Dña Paula Lorenzo Fernández, dos importes ingresados das cotas do prezo público, correspondentes á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación: Modalidade de Vela ano 2024, da súa filla Carla Rodiño Lorenzo por importe de 12,00 €, así como pola solicitude de inscrición da Escola Mutideportiva de Verán ano 2024, para xullo do seu fillo Miguel Rodiño Lorenzo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.
3. – Aprobación da devolución a favor de Dña. Vanessa María Docal Alvariñas, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente as Escolas Municipal de Multideporte de Verán 2024, do seu fillo Asier Dopico Docal, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.
4.- Aprobación da devolución a favor de Dña. Patricia Barreiro Pesado, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición nas Actividades Físico Deportivas para adultos, verán 2024, por importe de 9,00 €, con cargo á partida 343,01
5.- Aprobación da devolución a favor de Dña. Ana Rodríguez González, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente as Escolas Municipais de Navegación: Modalidade de Piragüismo, do seu fillo Adán Oliveira Rodríguez, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01”.
- **2ª.- Resolución con data 26/11/2024** “1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Cámara Municipal de Vilanova de Famalicão pola factura FT CMF2024/000006 correspondente aos gastos derivados do aloxamento e manutención dos deportistas pola participación nos XV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se levaron a cabo do 30 de xuño ao 3 de xullo do presente, aprobada a súa adxudicación pola Resolución do Sr. Presidente con data 03/07/2024, por importe total de 3.750,00 € (exento de IVE), con cargo á partida 342-226,09.”

D.- Outros:

- **1ª.-Resolución con data 26/11/2024** -“1.- Aprobación da contabilización do ingreso non presupostario efectuado na conta bancaria da Fundación de Deportes con data 14 de outubro do presente ano, dado o erro da conta bancaria do Club



Náutico Riveira, correspondente ao pagamento do premio pola participación na XXIX BANDEIRA MASCULINA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA conforme clasificación, por importe de 600,00 €, con cargo á partida económica 20501.

- 2.- Efectuar o pagamento non presupostario na conta bancaria correcta do citado Club polo importe anteriormente sinalado, con cargo á partida económica 20501.”

O Consello Reitor queda sabedor.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS COFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AS ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS, EJERCICIO 2024, CORRESPONDENTE AÑO AÑO 2023.

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse conta das solicitudes presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EJERCICIO 2024 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O AÑO 2023, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 31/01/2024 e e publicado o anuncio no B.O.P. con data 23/02/2024, cunha consignación por importe total de 30.000,00 €. Así como dáse conta dos informes de intervención, informes do órgano instructor, informe da Secretaria Xeral e proposta de concesión do Sr. presidente.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de todos os votos a favor por unanimidade dos ali presentes, polo que o Consello Reitor, acorda:

1.- Aprobar a concesión así como o recoñecemento de obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, por importe total de 23.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	ACTIVIDADE	IMPORTE
CLUB CICILSTA XIABRE	XXVI MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ	600,00 €
CLUB SAN MARTIN DE VILAXOAN	II TORNEO RAMIRO CARREGAL SUB 16	4.000,00 €
CLUB DEPORTIVO PEREZ SUB	CAMPIONATO GALEGO FOTOGRAFÍA SUBMARINAEGO DE IMAXE SUBMARINA	800,00 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL VILAGARCÍA ESGRIMA	XIII LIGA GALEGA DE ESPADA	800,00 €
CLUB AROSA S.C.	IX TORNEO INTERNACIONAL CIDADE DE VILAGARCIA, BENXAMIN F8	6.800,00 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	XVII MEMORIAL MIGUEL ANGEL GONZALEZ	4.000,00 €
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	XXVI VBCUP HELENA MARIÑO 2023	5.000,00 €



CLUB PIRAGUISMO VILAGARCIA	II COMPETICION LIGA GALEGA DE KAYAK DE MAR VILAGARCIA 2023	1.000,00 €
Total concesión de subvencions		23.000,00 €

2.- Aprobar que o importe de 7.000,00 €, sobranste da partida económica consignada para a presente convocatoria de subvención, con cargo á partida 342-483,01, incremente a convocatoria de Subvencions destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2024, correspondente á Tempada 2022/23 ou, ano 2023, con cargo á partida 342-483,00 por vinculación.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVECIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2024, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 202/23 OU, ANO 2023.

Pola Sra. Secretaria Xeran dáse conta das solicitudes de subvención presentadas, polos Clubes/Entidades Deportivas, conforme ás bases da convocatoria de Subvencions destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2024, correspondente á Tempada 2022/23 ou, ano 2023 aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 31/01/2024 e publicado o anuncio no B.O.P. con data 23/02/2024. Así como dáse conta dos informes da Sra. Secretaria Xeral en relación ao asunto, no que figura a puntuación correspondente, resultante da documentación aportada e da aplicación das devanditas bases.

Procédese a examinar todos os expedientes do Clubes/Entidades Deportivas, nos que no informe da Sra. Secretaria Xeral, faise constar que existen algúns Clubes/Entidades Deportivas que presentaban débedas coas Administracións Públicas, polo que non procedería a concesión de subvención e, que no caso de que subsanaran a citada documentación antes de que se celebrará a presente reunión, poderían percibir a citada subvención.

Interven a Dna. Elena Suárez para indicar que no su día dixerase que se ían a pagar as subvencions no mes de setembro, e non se vai a producir ese pago adiantado porque xa estamos en decembro.

D. Angel Franciso Vilas indica que deben cobrase antes todas as subvencions, pois s clubs teñen unha previsión de ingresos que logo non se cumpren, e neste caso as subvencions do concello chegan tarde.

D. Manolo Abalo tamén apunta que ese retraso afecta ao orzamentos que os clubs presentan `porque son ingresos correspondentes a tempadas anteriores.

D. Julio Fontaiña fai constar que existe o crédito de 7.000,00 € e que o incremento da partida por vinculación é polo acordo unánime do Consello Reitor.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de todos os votos a favor por unanimidade dos ali presentes, polo que o Consello Reitor, acorda:



1.- Aprobar a concesión da subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se indican, calculado o valor do punto, resultando a cantidade de 30,67 €/punto (de 89.000,00 €), ao incrementarse a partida en 7.000,00 € da partida 342-483,01, unha vez aprobadas as concesións de subvención conforme as bases da convocatoria de subvencións destinadas á organización de actividades deportivas extraordinarias, exercicio 2024, realizadas durante o ano 2023 e que, multiplicada polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita polo órgano instructor e o acordado polo Consello Reitor, conforme informe da Sra. Secretaria Xeral, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 342-483,00:

CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS	PUNT.	PTO.	100%	80%	20%
ATLÉTICO FAXILDE CLUB DE FUTBOL	14	30,67	429,38 €	343,50 €	85,88 €
CLUB BTT CASTROBIKES	7	30,67	214,69 €	171,75 €	42,94 €
CLUB DEPORTIVO BAMIO	65	30,67	1.993,55 €	1.594,84 €	398,71 €
CLUB SAN MARTÍN	142	30,67	4.355,14 €	3.484,11 €	871,03 €
INGLESES RUGBY CLUB	127	30,67	3.895,09 €	3.116,07 €	779,02 €
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA	118	30,67	3.619,06 €	2.895,25 €	723,81 €
CLUB NATACION VILAGARCIA S.D	60	30,67	1.840,20 €	1.472,16 €	368,04 €
MOTOCUB VFM	79	30,67	2.422,93 €	1.938,34 €	484,59 €
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	75	30,67	2.300,25 €	1.840,20 €	460,05 €
CLUB DEPORTIVO PEREZ-SUB	46	30,67	1.410,82 €	1.128,66 €	282,16 €
BASKET BASE CLUB	198	30,67	6.072,66 €	4.858,13 €	1.214,53 €
CLUB XADREZ FONTECARMOA	163	30,67	4.999,21 €	3.999,37 €	999,84 €
CLUB VILAGARCIA TENIS MESA	82	30,67	2.514,94 €	2.011,95 €	502,99 €
CLUB VILAGARCIA S.D	154	30,67	4.723,18 €	3.778,54 €	944,64 €
ASOCIACION DEPORTIVA CULTURAL VILAGARCIA ESGRIMA	20	30,67	613,40 €	490,72 €	122,68 €
CLUB BALONMANO AROUSA	92	30,67	2.821,64 €	2.257,31 €	564,33 €
ASOCIACION DEPORTIVA AROUSA FUTBOL 7	69	30,67	2.116,23 €	1.692,98 €	423,25 €
CLUB DE REMO VILAXOAN	15	30,67	460,05 €	368,04 €	92,01 €
CLUB VILAROSA GIMNASIA	120	30,67	3.680,40 €	2.944,32 €	736,08 €
AGRUPACION DEPORTIVA CORTEGADA	194	30,67	5.949,98 €	4.759,98 €	1.190,00 €
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	125	30,67	3.833,75 €	3.067,00 €	766,75 €
CLUB AROSA, S.C.	268	30,67	8.219,56 €	6.575,65 €	1.643,91 €
AGRUPACION ATLÉTICA MAZI	133	30,67	4.079,11 €	3.263,29 €	815,82 €
CLUB DE BALONCESTO EL DOCE	10	30,67	306,70 €	245,36 €	61,34 €
ESCOLA FUTBOL SALA SALNÉS	82	30,67	2.514,94 €	2.011,95 €	502,99 €
CLUB BALONCESTO VILAGARCIA	149	30,67	4.569,83 €	3.655,86 €	913,97 €
CLUB PIRAGÜISMO VILAGARCIA	70	30,67	2.146,90 €	1.717,52 €	429,38 €
CLUB POLIDEPORTIVO EDUCACION ESPECIAL	48	30,67	1.472,16 €	1.177,73 €	294,43 €
CLUB KENPO VILAGARCIA	149	30,67	4.569,83 €	3.655,86 €	913,97 €
CLUB TRIATLON VILAGARCIA	27	30,67	828,09 €	662,47 €	165,62 €
TOTALES	2901		88.973,67 €	71.178,94 €	17.794,73 €

Indicar que, conforme apartado 12. das bases da citada convocatoria, o 80% da subvención abonarase unha vez aprobada a concesión da subvención con carácter anticipado



e o 20% restante da subvención abonarase unha vez o beneficiario procedese á xustificación integra da financiación concedida, dentro do prazo previsto nas presentes bases e de conformidade no mesmo e na normativa de aplicación. Polo que se acorda aprobar o anticipo do recoñecemento de obriga do 80% da subvención concedida.

Asemade no caso de que a xustificación fose incorrecta procederíase ao inicio de expediente de reitegro da subvención.

2.- Non procede a concesión nin ó recoñecemento de obriga a favor do Clube Olímpic dado que non se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e Seguridade Social.

3.- Conforme as devanditas bases os Clubes/Entidades Deportivas anteriormente indicados no punto 1, deberán presentar a Conta Xustificativa con toda a documentación que se lle require nos apartados 9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA) e, 10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA, que dín literalmente o seguinte:

“ 9. — NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA):

Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante. (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), para proceder á presentación da Conta Xustificativa.

O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención, así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do importe total do balance de gastos presentado.

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición a Conta Xustificativa e anexos nos modelos normalizados. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes.

Os Clubes/Entidades Deportivas deberán presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2022/23, dende o 1 de agosto de 2022 ao 31 de xullo do 2023 e, se a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2023:



9.1.— Anexo II.— Conta Xustificativa debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinale:

a) O número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista

cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade

Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan.

Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

c) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.

d) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.

f) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención concedida para a devandita actividade.

9.2 Anexo III.— Relación de facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e asinada dixitalmente polo representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2, ordenada por conceptos (segundo balance gastos e ingresos presentado) e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e



numerada.

b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021 de 9 de xullo, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguintes medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade.

Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descrición do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrals directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

IMPORTANTE: Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.

9.3 Anexo IV. — No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes. O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

10. — LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA:

10.1. — A Conta Xustificativa con toda a documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de



Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de Deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

1º) Un pdf por cada anexo:

a) Anexo II: Conta Xustificativa

b) Anexo III: Relación de Facturas

c) Anexo IV: Certificación dos gastos presentados noutras administracións públicas

2º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

3º) Un pdf coas facturas escaneadas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).

Os distintos arquivos dos pdfs deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de

devolución da documentación para subsanar.

10.2. — Efectuada a notificación das concesións de subvencións, abrirase un prazo de 15 días Naturais, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.”



4.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que se lles concedeu subvención, tal e como establecen as bases no seu punto 12. PAGO

“Unha vez aprobada a concesión polo Consello Reitor, procederase ao pago da subvención da seguinte forma:

1º.— O 80% da subvención concedida con carácter anticipado que se fará efectiva coa correspondente Resolución da concesión da subvención ao beneficiario por parte da Fundación de Deportes.

2º.— O 20% restante da subvención abonarase unha vez o beneficiario procedese á xustificación íntegra da financiación concedida, dentro do prazo previsto nas presentes bases e de conformidade no mesmo e na normativa de aplicación.”

5.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2025.

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse conta das Normas Reguladoras do Carné da Fundación de Deportes para o ano 2025, e o Consello Reitor por unanimidade acorda a aprobación das mesmas.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO NOVO REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO E HORARIOS DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse conta do Novo Regulamento de Réxime interno presentado pola empresa concesionaria Servicio Cultura, Deporte e Recreación SL, indicando o Sr. Presidente que no mesmo figura o cambio de horario que é beneficioso para os usuarios, xa que implica a apertura da instalación un cuarto de hora antes, 6:45 horas en lugar das 7:00 horas, e o peche da mesma tamén un cuarto de hora antes 23:15 en lugar de 23:30 horas.

O Consello Reitor por unanimidade acorda a aprobación do Novo Regulamento de Réxime interno.

7.-ROGOS E PREGUNTAS.

Dña. Elena Suárez indica que reciben queixas dos usuarios do Pavillón castelao polo estado do parque e dos vestiarios.

D. José Peso informa que as portas das oficinas da nave de deportes náuticos nos pechan ben.

Dña. Elena Suárez pregunta pola reforma do circuito de radio control

O Sr. Presidente responde que se está valornado pero que hai que esperar a que as condicións meteorolóxicas sexan favorabels para traballar coa maquinaria precisa.



D. Ángel Cardalda comenta que o domingo no CFM de Berdón, coas chuvias o cespede fixo un globo.

O Director Deportivo contestalle que ocorre cando chove moito en pouco tempo porque as trias de céspede so están pegadas ao asfalto polos laterais non toda ela, pero que de todos modos comunicuselle a empresa que executou a reforma.

D. Ángel Cardalda indica que hai varios termos do CFM de Berdón avariados e que teñen problema coa auga quente.

O Director Deportivo contestalle que dende o Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes xa saben que son dous termos e que xa teñen previsto o seu arranxo.

D. Manuel Abalo informa que as redes de detrás das porterías no E.M. A Lomba están rotas polo temporal, e iso fai que se perdan balóns.

O Director Deportivo informalle que esa incidencia foi detectada o luns estando na instalación e xa lle foi requerida ao servizo de mantemento para a súa reparación.

D. Manuel Abalo tamén informa que teñen un problema coa caída das follas das árbores existentes na Avenida Matosinhos, que entran para o campo e xenera problemas e teñen que andar a racollelas, e incluso que as ponlas das árbores dificulta o estacionamento dos autobuses dos equipos porque rozan nos mesmos. Asemade deitera a necesidade da reserva de espacio para estacionamento dos autobuses os días de partido.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

